



## INCENTIVOS ÁS EMPRESAS CUALIFICADAS COMO INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA [TR340E]

**Aberto o prazo ata o 30 de setembro**



### Persoas beneficiarias

Empresas privadas ou persoas autónomas que inicien a actividade nun prazo non superior a un ano desde a cualificación como IEBT do proxecto e que creen emprego estable para persoas desempregadas.



### Contía dos apoios

#### I. Á creación directa de emprego estable

Por cada posto de traballo indefinido (incluídas persoas promotoras) con persoas desempregadas desde o inicio da actividade

**6.000 €**

Por cada posto de traballo indefinido (incluídas persoas promotoras) con persoas desempregadas de longa duración, con discapacidade, en situación ou risco de exclusión

**8.000 €**

Por cada posto de traballo indefinido (incluídas persoas promotoras) para persoas tituladas universitarias desempregadas

**9.000 €**

Por cada posto de traballo indefinido (incluídas persoas promotoras) para persoas desempregadas con título de doutoramento

**10.000 €**



Acumulables

**25%**

Muller  
Concello rural  
Persoa maior 45  
Emigrante  
Retornado/a  
Persoa trans

**Orzamento 500.000 €**

Os postos deberán ser creados entre o 1/10/2021 e 30/09/2022 no primeiro ano de actividade, sempre que permaneza vixente a contratación no momento da solicitude. No caso de xornada parcial será a cantidade proporcional.

#### II. Á contratación de persoal técnico de alta cualificación

- Contratación temporal para traballar en Galicia, dentro do primeiro ano de actividade.
- A persoa experta técnica de alta cualificación contratada debe posuír un título universitario.
- Contratación realizada entre 1/10/2021 e 30/09/2022.
- Exclúese a contratación coas persoas promotoras, socias, cónxuxes, con parentesco ata 2º grao (excepto nos casos previstos nas bases para as persoas autónomas).

**Límite: 18.000 €**  
por todas as contratacións

**Ata 40%**  
dos custos salariais totais, cun máximo de 12 mensualidades.



## INCENTIVOS ÁS EMPRESAS CUALIFICADAS COMO INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA [TR340E]

### III. Ao inicio e posta en marcha da actividade

Nº de postos de traballo estables creados e subvencionados durante o primeiro ano de actividade

1 posto de traballo

Importe máx. da axuda

Ata 10.000 €

2 postos de traballo

Ata 18.000 €

3 ou máis postos de traballo

Ata 24.000 €

- Para gastos realizados entre 1/10/2021 e 30/09/2022, que se produzan dentro do primeiro ano de actividade.
- Destinada a financiar parcialmente os gastos necesarios para o inicio e a posta en marcha da actividade, entre os que figuran:
  - Honorarios de notaría e rexistro
  - Mercadorías e materias primas
  - Arrendamento e seguro do local
  - Arrendamento de maquinaria
  - Arrendamento de equipos informáticos
  - Publicidade, páxina web e posicionamento
  - Subministracións
  - Formación xerencial para persoa promotora

### IV. Á conciliación da vida persoal, laboral e familiar

- Subvención dos custos do servizo de gardería.
- Subvención dos custos do centro ou dos servizos de coidado de maiores e/ou dependentes ou cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Para custos realizados entre o 1/10/2021 e 30/09/2022, no primeiro ano de actividade.

Importe da axuda

75% do custo  
Ata un máximo de  
3.000€



### Principais obrigas das persoas solicitantes

- Realizar a actividade que fundamente a subvención durante un mínimo de dous anos.
- Identificar de forma separada na documentación contable os gastos subvencionados.
- Presentar a vida laboral desde o inicio da actividade, tras dous anos desde o inicio da actividade, no caso das axudas á creación directa de emprego estable e á posta en marcha da actividade.
- Manter no seu cadro de persoal á persoa técnica de alta cualificación contratada, como mínimo, polo tempo subvencionado. De producir o cesamento da persoa traballadora, no prazo de dous meses deberase cubrir a vacante.
- Presentar no prazo de dous meses desde a finalización do período subvencionado unha memoria das actividades realizadas polas persoas técnicas de alta cualificación.

Acceso á ficha da sede electrónica



- Pulsa para acceder -

VR 2302/2022